



# **PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA RELIXIÓN**

## **ED. PRIMARIA**

Esta programación foi elaborada aplicando a lexislación vixente da LOMCE

Resolución de 11 de febrero de 2015 de la Dirección General de Evaluación y Cooperación Territorial, por la que se publica el currículo de la enseñanza de Religión Católica de la Educación Primaria y de la Educación Secundaria Obligatoria. (BOE núm.47 de 24/02/2015)

## ÍNDICE

- 1 INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN**
- 2 OBXECTIVOS XERAIS DA ETAPA**
- 3 CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE**
- 4 CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTANDARES DE APRENDIZAXE . MÍNIMOS ESIXIBLES**
- 5 METODOLOXÍA**
- 6 MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS**
- 7 AVALIACIÓN INICIAL**
- 8 PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN**
- 9 ATENCION Á DIVERSIDADE**
- 10 INCORPORACIÓN DAS TIC AO TRABALLO NA AULA**
- 11 MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN**

## 1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

O CEIP GRAXAL atópase situado no concello de Cambre, na parroquia de O Temple e encadrado na área metropolitana da cidade de A Coruña. Esta circunstancia condiciona en gran medida a súa densidade de poboación que é a máis elevada do Concello.

Entre as características xerais das familias cuxos fillos asisten ao centro poderíamos citar as seguintes:

- Son familias pouco numerosas.
- Son familias novas.
- O nivel cultural e socio-económico das mesmas é medio.
- Cada vez hai unha maior porcentaxe de poboación estranxeira.

A lingua maioritaria entre o alumnado é o castelán, aínda que poucos din ser descoñecedores da lingua galega.

Esta programación vai dirixida ao alumnado de 1º a 6º de Educación Primaria que elixiron relixión católica como optativa. A área impartirase en lingua castelá na maioría dos cursos, agás 3º e 4º que será en lingua galega.

A materia de relixión ten unha especial importancia dentro da educación para que o alumno poida conseguir un desenvolvemento pleno e integral da súa personalidade. Por unha banda, responde á dimensión relixiosa de todo ser humano e, por outra, introdúceo na realidade na que vive axudándolle a entender a súa cultura, historia e tradición.

Parte da experiencia humana, e desenvólvese de maneira respectuosa coas etapas do desenvolvemento infantil e adolescente, colaborando, neste sentido, coas aprendizaxes instrumentais e transversais propios de cada etapa educativa.

Estrutúrase en catro grandes bloques que pretenden recoller o saber antropolóxico cristián acumulado ao longo dos séculos. Eses bloques parten do sentido relixioso do home, continúan co estudo da revelación que culmina en Xesús e a súa mensaxe, centro do terceiro bloque e eixo vertebrador da materia. Por último, estúdase a Igrexa como manifestación da presenza continuada de Xesús na historia.

Estes catro bloques que inclúen conceptos, procedementos (observación da realidade, procura de información, reflexión crítica, exposición e argumentación respectuosa das crenzas relixiosas propias e axeas) e actitudes (coñecer e apreciar os valores e normas básicas de convivencia; desenvolver hábitos de traballo e

esfuerzo e de responsabilidade no estudo; a confianza en si mesmo para un desenvolvemento adecuado da personalidade. Tamén favorece de maneira directa a adquisición de habilidades para a prevención e resolución pacífica de todo tipo de conflitos e o coñecemento, comprensión e respecto das diferentes culturas, así como das diferenzas entre persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación). É por iso que os contidos xerais da materia contribúen á consecución dos obxectivos propostos para esta etapa.

## **2. OBXECTIVOS XERAIS DA ETAPA**

A Educación Primaria contribuirá a desenvolver nos nenos e as nenas as capacidades que lles permitan:

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza nun mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe e espírito emprendedor.
- c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos, que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con minusvalidez.
- e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua castelá e, se a houbese, a lingua cooficial da comunidade autónoma, e desenvolver hábitos de lectura.
- f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.
- h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura.
- i) iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e a comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.

- j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
- m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuizos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.
- n) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.
- o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

### **3. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE**

- ***Comunicación lingüística (CCL)***

Para un bo desenvolvemento desta competencia nesta área, a utilización dos diversos modos de comunicación será fundamental xa que o diálogo da fe coa cultura esixe adestrarse na escoita da mensaxe evanxélica, a exposición de cada un dos contidos coas súas argumentacións adecuadas ás diferentes idades do alumnado. Por iso, será decisivo dotar os alumnos de ferramentas co fin de que cheguen a dominar a competencia comunicativa en todas as súas facetas.

O ensino relixioso achega elementos básicos en canto ao logro da competencia en comunicación lingüística pois sérvese da linguaxe académica, daquelas linguaxes que conforman a cultura, así como das linguaxes do propio ensino relixioso.

- ***Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT)***

O desenvolvemento desta competencia contribúe á valoración ética do uso da ciencia e da tecnoloxía. Á súa vez, apoia e dá sentido ás habilidades e ás destrezas relacionadas coa ecoloxía que se adquiren desde a devandita competencia.

- ***Competencia dixital (CD)***

Nesta área posibilitarásenos manexar ferramentas desde un sentido ético e de responsabilidade para poder acceder ás distintas fontes que nos faciliten coñecer e afondar nesta materia. Será fundamental traballar desde fontes fiables que favorezan a claridade de contidos para crear no alumnado unha

base sólida e cheguen a xerar os seus propios criterios sobre diferentes contextos nos que se poidan desenvolver.

- ***Aprender a aprender (CAA)***

A competencia de aprender a aprender nesta área pode axudar ao alumnado a ser protagonista do seu propio proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Nesta área será decisivo o impulso do traballo colaborativo polo seu intrínseco sentido comunitario propoñendo un marco de referencia aceptado voluntariamente segundo as súas conviccións, que ha de ser lúcido na busca da verdade e do ben.

- ***Competencias sociais e cívicas(CSC)***

Esta competencia recolle todas as formas de comportamento que preparan as persoas para participar dunha forma eficaz e construtiva na vida social e profesional; por iso, dotaremos o alumnado de ferramentas que favorezan e fomenten os valores de respecto, cooperación, solidariedade, xustiza, non violencia, compromiso e participación como piares para a súa formación.

O ensino relixioso expón, fundamenta e xerarquiza os valores e virtudes que contribúen a educar a dimensión moral e social do alumno, de cara a contribuír á maduración na corresponsabilidade, o exercicio da solidariedade, da cooperación, da liberdade, da xustiza e da caridade.

- ***Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)***

É fundamental que o alumnado descubra a súa identidade persoal a través dunha apertura ao significado último e global da súa existencia humana. A súa iniciativa persoal dependerá sempre que adestre nun autoconhecimento, en explorar as súas potencialidades, en buscar o sentido a cada unha das cousas que acontecen na súa vida.

- ***Conciencia e expresións culturais(CCEC)***

A contribución á competencia cultural e artística relaciónase cos seus aspectos de coñecemento e valoración de toda a expresión artística, plástica, histórica, simbólica, lingüística, de costumes, ritos, festas, valores, modos de vida que teñen que ver co feito relixioso. Con iso contribúe á valoración e conservación do noso patrimonio cultural.

#### 4. CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE. MÍNIMOS ESIXIBLES

1º CURSO (PRIMEIRO TRIMESTRE)			
CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMP. CLAVE
<b>UNIDADE 1: GOZO DA NATUREZA</b>			
<b>BLOQUE 1</b> A creación coma agasallo de Deus. As persoas, o máis importante da creación.	1. Identificar e valorar a creación como acto de amor de Deus as persoas.	<u>1.1. Coñece, respecta e cuida a natureza.</u>	CSC
		1.2. Expresa con palabras propias o asombro pola creación.	CAA
	2. Recoñecer a relación intrínseca que existe entre Deus e o home.	2.1. Identifica e enumera os <u>coidados</u> que recibe na súa vida.	CSC CCL
<b>UNIDADE 2: A FAMILIA DE XESÚS</b>			
<b>BLOQUE 3</b> Xesús, o fillo de Deus faise home, vive e medra nunha familia.  Acontecementos e lugares xeográficos importantes na vida de Xesús.	1. Recoñecer e estimar que Xesús se fai home no seo dunha familia.	1.1. Identifica a María e a Xosé como comunidade na que Deus se fai presente entre as persoas.	CCL CAA CSC
		1.2. Valora e respecta a familia de Xesús a semellanza da súa.	CSC
	2. Relacionar lugares e acontecementos nos que Deus expresou o seu amor polos homes na vida de Xesús.	<u>2.1. Nomea e asocia lugares e acontecementos importantes da vida de Xesús.</u>	CCL
<b>1º CURSO (SEGUNDO TRIMESTRE)</b>			
CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMP. CLAVE
<b>UNIDADE 3: A AMIZADE DE DEUS COAS PERSOAS</b>			
<b>BLOQUE 2</b> Deus acompaña o home na historia.  Deus fálalles aos homes como amigos.	1. Recoñecer e apreciar a relación paterno-filial entre Deus e o home.	1.1 Coñece e valora que Deus lle fala a Abrahán e a Moisés para ser o seu amigo.	CSC CCEC
		<u>1.2 Sinala e representa as características da amizade de Deus co home: coidado, protección, acompañamento, colaboración, etc.</u>	CCL CSC
<b>BLOQUE 1</b> A comunicación das persoas con	3. Coñecer que a persoa é un ser capaz de falar con Deus.	3.1. Coñece e aprecia, a través de modelos bíblicos, que o home é capaz de falar con Deus.	CCEC CSC



Deus.		3.2. Memoriza e reproduce fórmulas sinxelas de petición e agradecemento	CAA CCL
<b>UNIDADE 4: UNHA SEMANA PARA RECORDAR</b>			
<i>BLOQUE 3</i> Xesús morreu para a nosa Salvación.	3. Coñecer e ordenar os principais momentos da paixón e morte de Xesús.	3.1. Nomea e secuencia representacións gráficas dos momentos esenciais da paixón, a morte e a resurrección de Xesús.	CCL, CD, CAA CSC
<b>1º CURSO (TERCEIRO TRIMESTRE)</b>			
<b>CONTIDOS</b>	<b>CRITERIOS DE AVALIACIÓN</b>	<b>ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE</b>	<b>COMP. CLAVE</b>
<b>UNIDADE 5: UNHA GRAN FAMILIA</b>			
<i>BLOQUE 4</i> Igrexa, familia de Xesús.	1. Recoñecer que os cristiáns formamos unha familia.	<u>1.1. Asocia as características da familia da Igrexa coas da súa familia.</u>	CSC CCEC
<b>UNIDADE 6. A IGREXA</b>			
<i>BLOQUE 4</i> Espazo e tempo sagrado na Igrexa.	2. Distinguir os espazos e os tempos sagrados doutros lugares e tempos.	2.1. Expresa o respecto ao templo como lugar sagrado.	CSC CCEC
O domingo, día dedicado ao Señor.	3. Subliñar os elementos distintivos do domingo como día especial.	3.1 Coñece e expresa o sentido do domingo	CSC CCEC

<b>2º CURSO - PRIMEIRO TRIMESTRE</b>			
<b>CONTIDOS</b>	<b>CRITERIOS DE AVALIACIÓN</b>	<b>ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE</b>	<b>COMP. CLAVE</b>
<b>UNIDADE 1: QUERES QUE SEXA FELIZ</b>			
<i>BLOQUE 1</i> Deus quere a nosa felicidade.	1. Identificar na propia vida o desexo de ser feliz.	1.1. Toma conciencia e expresa os momentos e as cousas que o fan feliz a el e ás persoas do seu contorno.	CCL CAA CSC

Deus crea o home para ser o seu amigo. O Paraíso como signo de amizade.	2. Recoñecer a incapacidade da persoa para alcanzar por si mesma a felicidade.	2.1. Descubre e nomea situacións nas que necesita as persoas e a Deus.	CCL CAA CSC
	3. Apreciar a bondade de Deus Pai que creou ao home con este desexo de felicidade.	<u>3.1. Valora e agradece que Deus o creou para ser feliz.</u>	CAA CSC
	4. Entender o Paraíso como expresión da amizade de Deus coa humanidade.	4.1. Le e comprende o relato bíblico do Paraíso.	CCL CAA CCEC
		4.2. Identifica e representa graficamente os dons que Deus fai ao home na Creación.	CCEC CSC
4.3. Expresa, oral e xestualmente, de forma sinxela, a gratitude a Deus pola súa amizade.		CCL CSC	
<b>UNIDADE 2: CALENDARIO LITURXICO</b>			
<i>BLOQUE 4</i> Xesucristo santifica o tempo: o ano litúrxico.	4. Coñecer o ano litúrxico e os seus tempos.	4.1. Constrúe un calendario onde sitúa os diferentes tempos litúrxicos.	CD, CAA, CSC, CCEC
<i>BLOQUE 3</i> O Advento, espera do cumprimento da promesa de salvación.	2. Aprender o significado do tempo de Advento.	2.1. Identifica os signos de Advento como tempo de espera.	CAA, CSC
		2.2. Recoñece e valora a necesidade da espera como actitude cotiá da vida.	CAA, CSC
O Nadal: nacemento do Salvador.	3. Identificar o significado profundo do Nadal.	<u>3.1. Coñece o relato do nacemento de Xesús e descobre na actitude e palabras dos personaxes o valor profundo do Nadal.</u>	CAA, CSC
<b>2º CURSO - SEGUNDO TRIMESTRE</b>			
<b>CONTIDOS</b>	<b>CRITERIOS DE AVALIACIÓN</b>	<b>ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE</b>	<b>COMP. CLAVE</b>

<b>UNIDADE 3: A BIBLIA</b>			
<b>BLOQUE 2</b> A Biblia narra o que Deus fixo na historia.	1. Identificar a acción de Deus na historia en relatos bíblicos.	<u>1.1. Coñece, memoriza e reconstrúe relatos bíblicos da acción de Deus na historia.</u>	CCL CAA CSC
		1.2. Selecciona e representa distintas escenas bíblicas da acción de Deus na historia.	CCL CAA CSC
<b>UNIDADE 4 ANTEPASADOS DE XESÚS</b>			
<b>BLOQUE 2</b> Deus actúa na historia. A amizade de Deus cos patriarcas.	2. Coñecer e valorar na vida dos patriarcas os trazos de Deus Pai: protección, coidado e acompañamento	2.1. Asocia expresións e comportamentos dos patriarcas nos relatos bíblicos a través de recursos interactivos.	CD CCL CSC
		2.2. Dramatiza momentos da vida dos patriarcas onde se exprese a protección, o coidado e o acompañamento de Deus.	CCEC CSC
Deus propón ao home un camiño de encontro con El.	3. Recoñecer e apreciar que Deus busca sempre a salvación do home.	3.1. escoita e describe coas súas palabras momentos nos que Deus axuda o pobo de Israel	CCL CSC
<b>2º CURSO - TERCEIRO TRIMESTRE</b>			
<b>CONTIDOS</b>	<b>CRITERIOS DE AVALIACIÓN</b>	<b>ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE</b>	<b>COMP. CLAVE</b>
<b>UNIDADE 5: MARIA</b>			
<b>BLOQUE 3</b> Deus elixe a María para que o seu fillo se faga home	1. Coñecer e valorar a resposta de María a Deus.	1.1. Le e expresa, verbal ou graficamente, o relato da Anunciación.	CCL CSC CCEC
		1.2. Dramatiza a misión dos personaxes que interveñen na Anunciación.	CCL CAA CSC
<b>UNIDADE 6: A IGREXA</b>			

<p><b>BLOQUE 4</b> O Bautismo: incorporación á Igrexa.</p> <p>A unidade eclesial: fillos dun mesmo Pai</p>	1. Recoñecer o Bautismo como medio para formar parte da Igrexa.	<p><u>1.1. Coñece e explica coas súas palabras o sentido do Bautismo</u></p> <p>1.2. Identifica os pais, padriños, presbíteros, bautizados como pobo xerado por Xesús.</p>	<p>CCL CSC</p> <p>CCEC CSC</p>
	2. Observar e comprender os signos presentes na liturxia bautismal.	2.1. Asocia os elementos materiais da auga, a luz e o óleo co seu significado sacramental.	CCL CSC
	3. Tomar conciencia de que o Pai xera a unidade da Igrexa.	3.1. Relaciona a unidade da Igrexa coa unidade dos órganos do seu propio corpo.	CSC
		3.2. Sinala en diferentes expresións artísticas a representación de Deus como pai de todos.	CCEC CSC

### 3º CURSO - PRIMEIRO TRIMESTRE

CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMP. CLAVE
<b>UNIDADE 1 :ADÁN E EVA</b>			
<p><b>BLOQUE 1</b> Ruptura do home con Deus: Adán e Eva.</p>	3. Comprender que a elección que fan Adán e Eva é un rexeitamento ao don de Deus.	3.1. Le, identifica e explica coas súas palabras as consecuencias do rexeitamento de Adán e Eva ao don de Deus, descritas no relato bíblico	CSC CCL
<b>UNIDADE 2: O POBO DE ISRAEL</b>			
<p><b>BLOQUE 2</b> A vocación de Moisés para liberar o seu pobo</p> <p>A Alianza de Deus co pobo de Israel no Sinaí.</p>	1. Descubrir a importancia de Moisés para a liberación do pobo de Israel.	<p>1.1. Aprende e ordena cronoloxicamente os principais feitos da historia de Moisés.</p> <p>1.2. Coñece e describe a misión de Moisés no relato bíblico.</p>	<p>CAA CSC</p> <p>CSC CCL</p>
	2. Recoñecer as consecuencias da Alianza de Deus con Israel.	2.1 Expresa graficamente momentos significativos da tarefa de Moisés para liberar o pobo.	CCEC CSC

O coidado de Deus co seu pobo: signos de amizade (a nube, o maná, a auga...).		<u>2.2 Coñece o contido da Alianza, identifica as súas implicacións e toma conciencia do sentido que pode ter na vida actual.</u>	CCEC CSC
	3. Recoñecer e valorar os signos da amizade de Deus co seu pobo.	3.1 Deseña de xeito ordenado viñetas que recollan os signos da amizade de Deus durante a travesía do seu pobo polo deserto.	CCEC CSC
		3.2. Interésase e agradece os signos do coidado de Deus na súa vida: a saúde, a familia, a escola, os amigos...	CSC
<b>3º CURSO - SEGUNDO TRIMESTRE</b>			
<b>CONTIDOS</b>	<b>CRITERIOS DE AVALIACIÓN</b>	<b>ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE</b>	<b>COMP. CLAVE</b>
<b>UNIDADE 3: COÑEZO A VIDA DE XESÚS</b>			
<i>BLOQUE 3</i> O Bautismo de Xesús: comezo da misión.	1. Asociar o Bautismo de Xesús co momento no que inicia a súa vida pública.	1.1. Narra os cambios que o Bautismo introduce na vida de Xesús.	CCEC CSC CCL
A misión de Xesús é facer felices os homes.	2. Distinguir como Xesús fai felices os homes a través dos seus xestos e accións.	<u>2.1. Descubre e subliña, nos relatos de milagres, os xestos e as accións de Xesús que fan felices os homes.</u>	CSC CCL
		2.2. Respecta e valora o comportamento de Xesús cos pecadores.	CSC
O seguimento de Xesús. Diferentes respostas á chamada de Xesús.	3. Comparar as diferentes respostas dos amigos de Xesús á súa chamada.	3.1. Identifica e comenta algunhas características diferenciais nas respostas das persoas que chama Xesús nos relatos evanxélicos	CSC CL
<b>UNIDADE 4:FALO CONTIGO</b>			
<i>BLOQUE 4</i> O Nosopai, signo de pertenza á comunidade cristiá.	4. Comprender que a oración do Nosopai expresa a pertenza á comunidade eclesial.	4.1. Explica significativamente a orixe do Nosopai.	CCEC CCL CSC
		4.2 Reconstrúe e dramatiza o contexto no que Xesús entrega a oración do Nosopai aos discípulos.	CCEC CL CSC
<b>3º CURSO - TERCEIRO TRIMESTRE</b>			
<b>CONTIDOS</b>	<b>CRITERIOS DE AVALIACIÓN</b>	<b>ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE</b>	<b>COMP.</b>

			CLAVE
<b>UNIDADE 5: DISFRUTAMOS :A FAMILIA E OS AMIGOS</b>			
<i>BLOQUE 1</i> A realidade que nos rodea como don para a nosa felicidade.	1.Recoñecer e valorar que os seus pais, amigos e contorno son un don para a súa felicidade.	1.1.Lembra e narra experiencias recentes nas que descubriu que a familia, os amigos ou o contorno son un agasallo.	CSC CAA CCL
		1.2.Enumera, describe e comparte situacións, persoas ou cousas polas que está agradecido.	CSC CCL
Resposta do home ao don de Deus.	2.Tomar conciencia de que as accións persoais achegan ou separan de Deus.	<u>2.1.Distingue e enumera accións persoais que o fan feliz ou infeliz.</u>	CSC
<b>UNIDADE 6: A IGREXA</b>			
<i>BLOQUE 4</i> A Igrexa continuadora da misión de Xesús.	1.Identificar e valorar as accións da Igrexa que continúan a misión de Xesús.	<u>1.1.Busca testemuños da acción misioneira e caritativa da Igrexa como continuidade da misión de Xesús.</u>	CSC CCL
		1.2. Crea relatos breves para expresar como a acción misioneira, a caridade e os sacramentos axudan a lograr a felicidade das persoas.	CD CSC CSIEE
Os cristiáns expresan a amizade con Deus no diálogo con El e a través da súa vida.	2.Sinalar a oración como unha forma de expresión da amizade con Deus.	2.1.Compón textos que expresen o diálogo da persoa con Deus.	CCL CSC
		2.2.Recompila e pon en común cos seus compañeiros e compañeiras oracións que a comunidade cristiá utiliza a cotío.	CCL CSC CCEC
	3. Descubrir trazos da amizade con Deus na vida cotiá.	3.1.Observa e descobre na vida dos santos manifestacións da amizade con Deus	CSC

#### 4º CURSO - PRIMEIRO TRIMESTRE

CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMP. CLAVE
<b>UNIDADE 1: DESCUBRO O TEU PERDÓN</b>			
<i>BLOQUE 2</i> O relato do pecado orixinal: o home quere suplantar a Deus	1.Identificar a orixe do pecado nalgúns relatos bíblicos	1.1.Sitúa no relato as frases que expresan a falta de colaboración na tarefa de Deus e o rexeitamento da amizade con El, e aplícaa a situacións actuais.	CCL CAA CSC

Deus está sempre disposto ao perdón.		1.2.Lembra e narra acontecementos actuais nos que se rexeitou a amizade con Deus.	CCL,CAA, CSC
	2. Coñecer as características do perdón de Deus.	<u>2.1.Descobre e enumera as características do perdón de Deus nalgúns relatos bíblicos.</u>	CCL CSC
<b>UNIDADE 2: A HISTORIA DE DAVID</b>			
<i>BLOQUE 2</i> Infidelidade á misión encomendada por Deus na historia de David.	3. Memorizar momentos da historia do rei David en que abusa da misión encomendada por Deus.	3.1.Identifica e describe comportamentos da vida do rei David que se opoñen á vontade de Deus.	CCL CAA CSC
David sente na súa vida a necesidade de redención.	4. Descubrir e valorar a razón pola que David sente a necesidade de redención.	4.1.Compara a actitude do rei David con situacións persoais nas que sentiu a necesidade de ser perdoado.	CCL CSC
		4.2.Recoñece e expresa artisticamente escenas da historia do rei David nas que Deus o perdoa. Mostra respecto polas intervencións dos seus compañeiros e compañeiras.	CCL CAA CSC
<i>BLOQUE 2</i> Deus fiel promete un Mesías.	5. Aprender e recordar historias bíblicas nas que Deus promete o Mesías.	5.1.Reconstrúe e memoriza escenas bíblicas onde Deus fai a promesa de enviar o Mesías.	CCEC CAA CSC

#### 4º CURSO - SEGUNDO TRIMESTRE

CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMP. CLAVE
<b>UNIDADE 3: A MENSAXE DE XESÚS</b>			
<i>BLOQUE 3</i> O perdón de Deus: accións e parábolas de Xesús.	1.Comprender o significado dalgunhas parábolas do perdón.	1.1.Analiza, comenta e crea relatos onde actualiza as parábolas do fillo pródigo e do fariseo e o publicano.	CCL CAA CCEC
	2.Memorizar algunhas das accións onde Xesús concede o perdón.	2.1.Visualiza, en obras de arte, escenas de perdón e explícaas.	CCL CAA CCEC

Amizade e preferencia de Xesús polos máis débiles e necesitados	3. Recoñecer a iniciativa de Xesús polos máis necesitados e os enfermos.	3.1 Busca, subliña e comenta, nos textos evanxélicos, trazos da preferencia de Xesús polos máis necesitados e os enfermos.	CCL CAA CSC
<b>UNIDADE 4: UNHA SEMANA ESPECIAL</b>			
<i>BLOQUE 4</i> A Coresma: tempo penitencial.	3. Coñecer trazos da Coresma como tempo penitencial.	3.1 Investiga e presenta, con diversos recursos, obras e institucións da Igrexa de carácter penitencial.	CD CAA CSC
<i>BLOQUE 3</i> Xesús cumpre a vontade do Pai: paixón e morte de Xesús	4. Comprender e apreciar que, na súa paixón e morte, Xesús está cumprindo a vontade do Pai.	<u>4.1 Secuencia ordenadamente escenas da Historia da Paixón de Xesús e identifica as palabras que expresan a súa relación co Pai.</u>	CCL CAA CCEC
		4.2 Distingue e explica frases do relato da oración da Horta das Oliveiras que expresan a obediencia de Xesús ao Pai.	CCL CAA CCEC
<b>4º CURSO - TERCEIRO TRIMESTRE</b>			
<b>CONTIDOS</b>	<b>CRITERIOS DE AVALIACIÓN</b>	<b>ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE</b>	<b>COMP. CLAVE</b>
<b>UNIDADE 5: O PECADO NAS RELIXIÓNS ANTIGAS</b>			
<i>BLOQUE 1</i> A experiencia do pecado nos relatos das relixións antigas	1.Descubrir nos relatos das relixións antigas a experiencia do pecado humano.	1.1. Localiza e describe situacións de pecado descubertas nos relatos das relixións antigas.	CCL CAA CSC
		1.2. Cualifica o tipo de pecado en situacións do seu contorno e compáraas coas atopadas nos relatos das relixións antigas.	CCL CCEC CSC
O perdón como necesidade do ser humano.	2.Identificar a necesidade do perdón para ser feliz.	<u>2.1. Lembra e acepta situacións persoais ou sociais que necesitan de perdón.</u>	CAA CSC
<b>UNIDADE 6: SOMOS AMIGOS</b>			
<i>BLOQUE 4</i> O sacramento da Reconciliación	1.Explicar que a través do sacramento da Reconciliación Deus concede o perdón	<u>1.1. Coñece e explica as condicións para acoller o perdón de Deus.</u>	CSC



A celebración da Eucaristía		1.2. Describe os pasos da celebración do sacramento do Perdón	CCEC CSC
	2. Diferenciar signos e momentos da celebración eucarística.	2.1. Vincula símbolos, significados e momentos na celebración eucarística.	CCEC CAA CSC

### 5º CURSO - PRIMEIRO TRIMESTRE

CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMP. CLAVE
<b>UNIDADE 1: ALÉGRAME FACER O BEN.</b>			
<i>BLOQUE 1</i> O ser humano foi creado con desexo de ben.	1. Recoñecer e estimar que Deus creou a persoa con desexo de ben.	1.1. Localiza, a través de diversas fontes, biografías que mostran o desexo humano do ben. Comparte cos seus compañeiros e compañeiras os trazos máis significativos.	CD CSC CCL CAA
O ser humano sente alegría cando realiza ou recibe o ben.	2. Esforzarse por identificar que a adhesión ao ben xera felicidade.	<u>2.1. Xustifica criticamente as consecuencias que se derivan de facer o ben.</u>	CSC CCL CAA
		2.2. Propón situacións na historia que manifestan o beneficio de facer o ben.	CSC CSIEE
<b>UNIDADE 2: AS TÚAS NORMAS AXÚDANME</b>			
<i>BLOQUE 2</i> Deus fai a Alianza co seu pobo.	1. Interpretar o significado da Alianza de Deus co pobo.	1.1. Define o termo bíblico de Alianza.	CSC CCL
		1.2. Explica e sintetiza os trazos característicos da Alianza de Deus co seu pobo.	CSC
Deus desexa un pobo santo: os Dez Mandamentos.	2. Comprender e respectar as características do pobo que Deus quere contidas no Decálogo.	<u>2.1 Clasifica e é consciente do contido do Decálogo.</u>	CCEC CSC
		2.2 Describe coas súas palabras experiencias da súa vida relacionadas cos mandamentos.	CSC CCL

## 5º CURSO - SEGUNDO TRIMESTRE

CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMP. CLAVE
<b>UNIDADE 3: DESCUBRO A BIBLIA</b>			
<i>BLOQUE 2</i> A Biblia: estrutura e composición.	3.Distinguir e memorizar os distintos tipos de libros do Antigo e o Novo Testamento.	3.1.Nomea e clasifica os grupos de libros no Antigo e o Novo Testamento.	CCEC CCL
	4.Explicar os diferentes autores e momentos da historia en que se compuxo a Biblia.	4.1.Confecciona materiais para situar cronoloxicamente os principais libros da Biblia.	CCEC
<i>BLOQUE 3</i> O encontro con Xesús desvela á persoa a súa verdadeira identidade.	1.Recoñecer en relatos evanxélicos o cambio que xera o encontro con Xesús.	<u>1.1.Interpreta e aprecia o cambio que orixinou o encontro con Xesús nalgúns dos personaxes que aparecen nos evanxeos.</u>	CSC CCL
<b>UNIDADE 4 UNHA SEMANA PARA LEMBRAR</b>			
<i>BLOQUE 4</i> A Eucaristía, renovación do sacrificio de Xesús na cruz.	2. Identificar o vínculo que existe entre a Última Cea e a paixón, morte e resurrección de Cristo.	2.1. Explica e valora o significado das palabras de Xesús na Última Cea.	CCL CSC
		2.2. Asocia a celebración da Eucaristía coas palabras e cos xestos de Xesús na Última Cea.	CCEC CSC
<i>BLOQUE 3</i> A resurrección: cumprimento do plan salvífico de Deus.	3. Comprender que Deus rescata a Xesús da morte.	3.1. Sinala afirmacións das testemuñas recollidas nos primeiros capítulos dos Feitos dos Apóstolos, onde se recoñece que a resurrección é acción de Deus.	CCL CSC
		3.2. Reconstrúe, utilizando as TIC, os encontros co Resucitado que describen os relatos evanxélicos.	CD CCL
		<u>3.3. Busca e explica signos e xestos da comunidade cristiá onde se manifesta a presenza de Xesús hoxe.</u>	CCEC CSC
<b>5º CURSO - TERCEIRO TRIMESTRE</b>			
CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMP. CLAVE

<b>UNIDADE 5: OS MILAGRES DE XESÚS</b>			
<i>BLOQUE 3</i> Os signos do reino: os milagres.	2. Coñecer e interpretar o significado dos milagres de Xesús como acción de Deus.	2.1. Explica por escrito o significado dalgúns milagres.	CCL CSC CCEC
		2.2. Dramatiza algúns milagres narrados nos evanxeos.	CCL CSC CCEC
<b>UNIDADE 6 EU TAMÉN SON Membro DA IGREXA</b>			
<i>BLOQUE 4</i> A Igrexa: ministerios e servizos.	1. Coñecer e respectar a composición da Igrexa.	1.1. Identifica e describe os trazos e as funcións dos diferentes membros da comunidade eclesial.	CSC

<b>6º CURSO - PRIMEIRO TRIMESTRE</b>			
<b>CONTIDOS</b>	<b>CRITERIOS DE AVALIACIÓN</b>	<b>ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE</b>	<b>COMP. CLAVE</b>
<b>UNIDADE 1: A FELICIDADE E A SALVACIÓN</b>			
<i>BLOQUE 1</i> A incapacidade do ser humano para ser feliz reclama a salvación.	1. Avaliar circunstancias que manifestan a imposibilidade da natureza humana para alcanzar a plenitude.	1.1. Identifica e xulga situacións nas que reconece a dificultade de ser feliz.	CAA CSC
	2. Recoñecer e aceptar a necesidade dun Salvador para ser feliz.	2.1. Busca, compara e comenta distintas expresións do desexo humano de salvación na literatura e na música actuais.	CCL, CSIEE CCEC CAA
<b>UNIDADE 2: IMPORTANCIA DAS RELIXIÓNS NA HUMANIDADE</b>			
<i>BLOQUE 1</i> A plenitude do ser humano está na relación con Deus	3. Interpretar signos, en distintas culturas, que evidencian que a plenitude humana se alcanza na relación con Deus.	3.1. Descubre e explica por que os enterramentos, as pinturas, os ritos e os costumes son signos da relación do home coa divindade.	CCL CD CAA CCEC

	4. Recoñecer que a relación con Deus fai a persoa máis humana.	<u>4.1. Investiga e recolle acontecementos da historia onde se aprecia que o feito relixioso foi o motor de cambios para potenciar os dereitos humanos, a convivencia, o progreso e a paz.</u>	CCL CD CAA CSC
<b>UNIDADE 3: XESÚS, FILLO DE DEUS</b>			
<i>BLOQUE 3</i> Xesucristo desvela o Pai.	1. Distinguir que a través de Xesús encontramos a Deus.	1.1. Busca nos discursos do evanxeo de Xoán frases que expresan a relación de Xesús co Pai e esfórzase por comprender o seu significado.	CCL CAA
		1.2. Identifica e sintetiza os trazos que Xesús desvela do Pai nos discursos do evanxeo de Xoán.	CCL CAA
<b>6º CURSO - SEGUNDO TRIMESTRE</b>			
<b>CONTIDOS</b>	<b>CRITERIOS DE AVALIACIÓN</b>	<b>ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE</b>	<b>COMP. CLAVE</b>
<b>UNIDADE 4: VALORES E ENSINANZAS DE DEUS NA BIBLIA</b>			
<i>BLOQUE 2</i> O pobo de Israel como depositario da sabedoría de Deus  Os libros sapienciais enriquecen a humanidade.	1. Descubrir e apreciar a riqueza dos textos sapienciais na historia.	<u>1.1. Identifica e valora expresións recollidas nos libros sapienciais que enriquecen e melloran a persoa.</u>	CSC CD CAA
		1.2. Investiga e contrasta a sabedoría popular con expresións da sabedoría de Israel, emitindo un xuízo persoal.	CCL CD CAA
		1.3. Propón, dialogando cos seus compañeiros e compañeiras, situacións e comportamentos onde se expresa a riqueza humana que aparece nos textos sapienciais.	CCL CSC CAA
<b>UNIDADE 5 ALÉGRAME COMPORTARME BEN</b>			
<i>BLOQUE 3</i> As tentacións de Xesús: obstáculo ao cumprimento do plan de Deus.	2. Esforzarse por comprender que Xesús ten que vencer obstáculos externos para realizar a vontade de Deus.	<u>2.1. Compara as dificultades que tivo Xesús na súa vida para obedecer o Pai con situacións que viven os seres humanos.</u>	CCL CAA CCEC
<b>UNIDADE 6 A PASCUA</b>			

<p><b>BLOQUE 4</b> A Pascua, tempo de resurrección. Os froitos da resurrección de Xesús: a alegría e a paz. Os cristiáns, testemuñas da resurrección.</p>	2. Identificar os trazos do tempo litúrxico da Pascua.	2.1. Sinala e explica os principais signos pasuais.	CCL CCEC CAA
		2.2. Crea unha composición onde se exprese a alegría e a paz que experimentaron os discípulos ao encontrarse co Resucitado.	CSC CCEC
	3. Recoñecer e valorar o cambio de vida xerado polo encontro co Resucitado.	3.1. Selecciona testemuños de cristiáns e xustifica o cambio xerado polo encontro co Resucitado.	CCL CSC
<b>6º CURSO - TERCEIRO TRIMESTRE</b>			
<b>CONTIDOS</b>	<b>CRITERIOS DE AVALIACIÓN</b>	<b>ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE</b>	<b>COMP. CLAVE</b>
<b>UNIDADE 7: A IGREXA</b>			
<p><b>BLOQUE 3</b> Xesús envía os discípulos para continuar coa súa misión salvífica.</p>	3. Comprender que a misión de Xesús continúa na Igrexa.	3.1. Localiza e explica a misión apostólica nas expresións de Xesús recollidas nos evanxeos sinópticos.	CSC CCL
		<u>3.2. Constrúe un mapa comparativo das accións de Xesús e as da Igrexa.</u>	CAA CSC
<b>UNIDADE 8</b>			
<p><b>BLOQUE 4</b> Os sacramentos ao servizo da misión da Igrexa: Confirmación, Orde e Matrimonio.</p>	1. Diferenciar a achega dos sacramentos de servizo á misión da Igrexa.	1.1. Coñece e explica con exemplos a razón pola que Confirmación, Orde e Matrimonio están ao servizo da Igrexa.	CCL CAA CSC
		1.2. Aprende e diferencia os signos e os momentos celebrativos da Confirmación, a Orde e o Matrimonio.	CAA CSC CCEC

\*Os estándares subliñados corresponden aos mínimos esixibles

## **Competencias Clave**

**CCL** Competencia en comunicación lingüística

**CD** Competencia dixital

**CSC** Competencias sociais e cívicas

**CCEC** Conciencia e expresións culturais

**CAAP** Competencia para aprender a aprender

**CSIEE** Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

**CMCT** Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

## **5. METODOLOXÍA**

A área de Relixión inicia aos alumnos no coñecemento, na análise e valoración do contorno físico, social e cultural.

A metodoloxía proposta será a seguinte:

- Partirase dos coñecementos previos para abordar os novos contidos.
- Unha construción do coñecemento baseada en aprendizaxes significativas. É dicir, unha ensinanza da relixión desde e para a vida persoal, cultural, social, moral e relixiosa.
- Unha ensinanza-aprendizaxe da relixión baseada no proceso psico-evolutivo do alumnado.
- Unha metodoloxía e unhas actividades orientadas desde os centros de interese do alumnado.
- Un enfoque da ensinanza da relixión desde as narracións bíblicas, e os seus correspondentes paralelismos con situacións da vida diaria e a súa relación coa arte e a historia que nos rodea.
- Unha metodoloxía e unhas actividades que promovan a interdisciplinabilidade con outras áreas.
- Unha ensinanza da relixión que capacite o alumno e a alumna para o diálogo da fe cristiá coa cultura actual.
- Unha metodoloxía que fomente nos alumnos e nas alumnas a súa capacidade para ver, xulgar e actuar sobre si, sobre os demais, a sociedade e o ambiente.
- Unha metodoloxía que preste especial atención á diversidade do alumnado.

## **6 MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS:**

- Recursos educativos (Internet).
- Ordenador de aula.
- Proxector, pizarra dixital.
- Materiais manipulativos.
- Libros de texto.
- A Biblia para nenos, libros de valores e de contos
- Material fotocopiado. Fichas de ampliación e reforzo.
- CD con cancións e audicións
- Material de Mans Unidas,...

## 7 AVALIACIÓN INICIAL

Durante as primeiras semana do curso realizaranse actividades (orais e escritas) que permitan valorar o nivel xeral que presenta o alumnado nesta área.

Isto servirá de referencia como punto de partida para o desenvolvemento do currículo.

## 8 PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Ao longo do curso realizaranse tres avaliacións, informando por escrito ao alumno e aos pais das cualificacións obtidas.

A asignatura dividirase en unidades didácticas que se repartirán ao longo das tres avaliacións.

Os procedementos serán variados e descritivos para facilitar a información do progreso nesta área e as competencias básicas, utilizando os seguintes **instrumentos**:

- Escritos

- Revisión de traballos individuais realizados polos alumnos/as na aula
- Probas escritas.
- Observación sistemática.

- Orais

- Probas orais
- A resposta das preguntas diarias orais da clase
- Postas en común
- Entrevistas.
- Exposicións orais.

- Observación directa e sistemática

- Listaxes de control
- Ficha de rexistro individual
- Rexistros de incidencias
- Rexistros anecdóticos persoais.

Os **criterios de cualificación** serán fundamentais para valorar o grao de adquisición das competencias básicas, os obxectivos fixados e os estándares de aprendizaxe.



Os distintos estándares de aprendizaxe repartiranse en unidades didácticas en cada un dos trimestres. Ao finalizar o trimestre teranse en conta os seguintes criterios de cualificación:

<b>Criterios</b>	<b>Instrumentos</b>	<b>Porcentaxe</b>
Valoración dos contidos e competencias adquiridas.	Probas orais Probas escritas Rúbricas Observación directa	50%
Valoración do traballo: -Realización adecuada do traballo. -Organización dos materiais. -Presentación das tarefas.	Rexistro das producións do alumnado.	20%
Valoración de actitudes e comportamentos na aula: -Atención -Participación -Esforzo -Colaboración -Respecto das normas	-Corrección das tarefas. -Rexistro de participación. -Rexistro de actitude na aula -Observación directa	30%

Considérase que o alumno ten avaliación positiva:

- Trimestral: se acada un 5
- Final: se acada un 5 de nota media dos tres trimestres

Esta área non xogará un papel vinculante na decisión de promoción do alumno/a .

## **9 ATENCION Á DIVERSIDADE**

Terase en conta a atención á diversidade de niveis, estilos e ritmos de aprendizaxe, de intereses e capacidades dos alumnos:

- Adaptación curricular (BÁSICA): Os contidos nucleares da unidade didáctica preséntanse de forma máis pautada, con maior apoio gráfico, seguindo unha secuencia de aprendizaxe que facilita a adquisición de competencias por parte do alumnado.
- Competencias e intelixencias múltiples: Contémplase a diversidade de estilos cognitivos e de intelixencias en aprendizaxes coa lectura, co movemento, coa representación plástica, coa dramatización...
- Plans individuais dirixidos a alumnos que o requiren (estranxeiros, necesidades educativas especiais...)
- Fichas de reforzo ou ampliación.
- Actividades multinivel: Posibilita que os alumnos atopen, respecto ao desenvolvemento dun contido, actividades que se axustan ao seu nivel de competencia curricular, aos seus intereses, habilidades e motivacións.
- Lecturas e consultas de forma libre.
- Ensino titorado.

## **10 INCORPORACIÓN DAS TIC AO TRABALLO NA AULA**

Un dos obxectivos que se pretende alcanzar ao finalizar a escolarización obrigatoria é a consecución por parte do alumnado de competencia dixital. Por iso as tecnoloxías da información e a comunicación han de constituír unha ferramenta cotiá nas actividades de ensino e aprendizaxe das diferentes áreas, así como un instrumento de traballo para explorar, analizar e intercambiar información.

As formas máis habituais, sempre e cando sexa posible, de utilización das novas tecnoloxías na área de relixión son:

-Exposicións apoiadas nas novas tecnoloxías: O uso do ordenador facilita a exposición dos contidos ao ilustrar con maior claridade algúns conceptos e presentalos de forma máis atractiva. Ao mesmo tempo, pódese mellorar a motivación cara á aprendizaxe da materia e cara ao uso de recursos informáticos.

- Aprendizaxe por investigación. Trátase de fomentar a aprendizaxe activa e o máis autónoma posible por parte do alumnado.
- Utilización enlaces e actividades interactivas existentes no blog de relixión .
- Aproveitamento de recursos educativos de Internet

## 11 MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN

Avaliarase a programación didáctica no seu conxunto ao final de cada trimestre para recoller as melloras no seguinte.

ADECUACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA		RESULTADOS ACADÉMICOS	PROPOSTAS DE MELLORA
Preparación da clase e dos materiais didácticos	Hai coherencia entre a programación e o desenvolvemento das clases.		
	Existe unha distribución temporal Equilibrada.		
	O desenvolvemento da clase adecúase ás características do grupo.		
Utilización dunha metodoloxía adecuada	Tivéronse en conta aprendizaxes significativas.		
	A metodoloxía fomenta a motivación e o desenvolvemento das capacidades do alumno/a.		
Regulación da práctica docente	Grao de seguimento dos alumnos.		
	Validez dos recursos utilizados na clase para as aprendizaxes.		
	Os criterios de promoción están Acordados entre os profesores.		
Avaliación das aprendizaxes e información que deles se lles dá aos alumnos e ás familias	Os criterios para unha avaliación positiva atópanse vinculados aos obxectivos e aos contidos.		
	Os instrumentos de avaliación permiten rexistrar numerosas variables da aprendizaxe.		
	Os criterios de cualificación están axustados á tipoloxía de actividades planificadas.		

Utilización de medidas para a atención á diversidade	Adóptanse medidas con antelación para coñecer as dificultades de aprendizaxe.		
	Ofreceuse resposta ás diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxe.		
	As medidas e os recursos ofrecidos foron suficientes.		
	Aplica medidas extraordinarias recomendadas polo equipo docente atendendo aos informes psicopedagóxicos.		